

Guillermo de Ockham e a crise da escolástica.

Guillermo de Ockham (1290-1349) é o filósofo máis importante do século XIV, un século de crise e de transición, xa que marca o remate da Idade Media e, ao mesmo tempo, xa anuncia a chegada da Modernidade. **Ockham** é ante todo un pensador crítico, demoledor de todos os sistemas filosóficos precedentes: do aristotelismo, do agustinismo (Agustín de Hipona) e do tomismo (Tomé de Aquino). O seu **ataque á escolástica oficial** de corte tomista céntrase sobre todo na **ruptura da síntese entre a razón e a fe**.

O problema das relacións existentes entre a razón e a fe continúa sendo un asunto fundamental no pensamento do século XIV. O **averroísmo latino** sostivera que a razón e a fe podían ofrecer informacións e coñecementos non só distintos, senón incluso contradictorios acerca dos mesmos asuntos (por exemplo, a inmortalidade da alma ou a orixe do mundo). **Aquino** rexeitou que tal contradicción puidera realmente producirse; posto que a verdade é única, a razón e a fe non poden manter afirmacións incompatíbeis. Naquelas cuestións sobre as que se pronuncien unha e a outra, os seus pronunciamentos teñen que ser, á forza, harmónicos e coherentes. Ademais, existían certas verdades de fe que estarían ao alcance da razón; efectivamente, os preámbulos da fe poden ser demostrados racionalmente. Polo tanto, a razón pode pronunciarse sobre certas verdades reveladas. Deste xeito, a razón non se acaba separando da fe, nin tampouco a teoloxía da filosofía. Máis ben ao contrario, como decían os filósofos cristianos medievais, *a filosofía é unha serva da teoloxía*. Así, pois, non resulta estrano que na Idade Media abundasen os tratados filosófico-teolóxicos que tratasen de demostrar a existencia de Deus e os atributos da natureza divina.

O pensamento do século XIV elimina a posibilidade da demostración racional das verdades de fe. Se para **Tomé de Aquino**, razón e fe son dúas fontes de coñecemento distintas, pero complementarias, xa que poden aportar, en certos casos, uns coñecementos comúns; para **Ockham**, trátase de dúas fontes de coñecemento distintas, con contidos diferentes. As **verdades reveladas** que **Tomé de Aquino** consideraba accesíbeis á **razón**, son consideradas por **Ockham** como **indemostrábeis racionalmente** e, polo tanto, obxecto exclusivo da fe relixiosa. O ámbito de coñecemento ao que

ten acceso á razón queda deste xeito notabelmente reducido, segundo Ockham, quen considera que non só os atributos, senón a propia existencia de Deus é indemostrabel pola razón. En consonancia con todo o anteriormente dito, a **teoloxía** deixa de ser considerada como unha verdadeira ciencia, xa que non pode demostrar as súas afirmacións fundamentais, e convértese nun **saber práctico**, isto é, un saber que ten como finalidade práctica conducir ao home cara a súa **salvación** eterna. A teoloxía buscará o seu apoio nas verdades reveladas por Deus aos homes e farase menos racionalista, xa que se pretende **revalorizar a fe** e a súa especificidade fronte á razón e a filosofía.

Pero este plantexamento resulta beneficioso para a filosofía, xa que supón un deslinde ou unha **separación** dos campos do saber e do coñecemento: o **teolóxico** e o **filosófico**. Con outras palabras, a filosofía e a teoloxía comencan a diferenciarse e a separarse para constituírse en dous **saberes independentes**. Os filósofos reclaman a súa liberdade de investigación, que xa anticipa a liberdade de pensamento que caracterizará a Modernidade e que alcanzará o seu climax coa Ilustración, como escribe Guillermo de **Ockham**: “As fundamentais asercións filosóficas que non atinxen á teoloxía non deben ser condeadas ou postas en entredito solemnemente por ninguén, porque respecto delas débese ser libre de dicir libremente o que mellor pareza.”